

## CRÓNICA DO ENCONTRO CONCELLO DE PONTECESO-A SALINA

Partido correspondente a 12ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ó Concello de Ponteceso F.S.F e A Salina Xuventude F.S.F, encontro disputado o sábado 18 de decembro ás 16:00 horas no Pabillón Municipal de Ponteceso, que finalizou co resultado de 2-1 a favor do equipo local.

### ALINEACIÓNS:

CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.- Salomé, Silvia, Cris Santos, Chris e Carmen (cinco inicial). Tamén xogaron Ana, Sonia, Martina, Mónica, Marta, Sabela e Tamara.

A SALINA XUVENTUDE F.S.F.- Maruxa, María, Cristina, Mercedes e Leticia (cinco inicial). Tamén xogaron Inés, Mª del Carmen, Alicia e Sandra.

### GOLES:

0-1 (min. 34) María.

1-1 (min. 40) Martina.

2-1 (min. 43) Martina.

Partido moi vibrante o visto na tarde do sábado, no derbi costeiro da Liga Provincial Femenina de Fútbol Sala, no Pabellón Municipal de Ponteceso. Neste partido chegou, por fín, a primeira victoria da tempada do Concello de Ponteceso F.S.F nun moi bo encontro por ambas dúas formacións e que se decidiu por dous destellos de calidade da pivote local Martina, que reaparecía despois de tres semanas lesionada.

Nos primeiros minutos do partido as dúas formacións saliron bastante ofensivas, aínda que nos primeiros 5 minutos de partido, foi o Ponteceso que levou a batuta, cegando en tres claras ocasións que non foi capaz de materializar, e incluso unha boa xogada ensaiada de corner, que Carmen mandou o poste.

A partir de ese momento, A Salina fixose dona do partido adiantando moito as líneas, O equipo local defendíuse case a perfección, e de cando en vez, sacaba algunha contra moi perigosa. Nesta parte, o equipo muradán tivo tres ou catro ocasións de marcar, pero cando non eran as boas paradas de Salomé ou a gran solidez defensiva das Pontecesas era a falta de acerto das xogadoras de Esteiro nos últimos metros.

Chegouse ó descanso co empate no marcador, e cunhas 100 personas na grada disfrutando do gran encontro que se estaba vendo na pista.

Empezou a segunda parte cunha tónica parecida a primeira, A Salina subía a presión a toda a pista e as Pontecesas defendíase de maneira inapelable, e a mínima ocasión saían en rápidos contragolpes cegando con moito perigo a portería, moi ben defendida pola muradana Maruxa. Esta tónica mantúvose ata o minuto 34, cando a visitante María, nunca boa xogada de combinación con Mercedes, plantouse diante de Salomé bateandoa por baixo nun dos poucos fallos da defensa local. A partir de este punto cambiaron as tornas, posto que foi agora o Ponteceso o que adiantou as líneas facendo unha forte presión a todo o campo.

Fruto desa presión no minuto 40 de partido, e despois dun roubo de balón por medio de Carmen, que ela mesma mete un pase en profundidade para Martina, que lle gana en velocidade a espalda da súa defensora plantándose soa diante de Maruxa e marcando o empate nunca moi boa definición. Por fin, era capaz o Ponteceso de chegar os minutos finais con posibilidades de gañar, e non o desaproveitou, posto que 3 minutos despois do empate, e a falta de 7 para o final, Carmen nunha

boa xogada personal, derixalle o balón outra vez a martina que soa ante a porteira muradana volve a definir nunha boa acción colectiva, levando o delirio as bancadas e ó banquillo local do Municipal de Ponteceso.

Nos últimos minutos, A Salina volcouse a polo empate, pero outra vez a moi seria defensa Pontecesana, e as boas intervencións da porteira local Salomé, fixeron que o partido rematara co 2-1 favorable as da Vila de Pondal.

O final do partido, como se podía esperar, celebrouse tanto polas xogadoras, coma polo público local, esta primeira e merecida victoria do Concello de Ponteceso F.S.F fruto do gran traballo feito polo equipo local nestes últimos 4 meses.

Para avaliar esta melloría local, podemos recordar que fai xusto 4 meses, enfrentábanse no mesmo escenario estes mesmos equipos no I Trofeo Concello de Ponteceso cun resultado favorable para A Salina por 2 goles a 9, nunha clarísima victoria visitante. Despois de estos 4 meses, con moitos e duros entrenos encima, o equipo Pontecesán mellorou moitísimo, tanto física, técnica como tácticamente como para ser capaz de estar a altura de este gran equipo muradano, e ser capaz de gañar o partido.

Esperemos, que polo potencial visto neste partido, as xogadoras de Jose Barca e Curro sigan con esta traxectoria ascendente e lle poidan dar máis alegrías os seus seguidores.

A próximas dúas semanas, producirase un parón navideño na liga, sendo o próximo compromiso do Concello de Ponteceso o día 8 de Xaneiro que viaxa ata Arteixo para enfrontarse ás Espartanas, últimas clasificadas na liga.